



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Métodos e técnicas de Investigación social		Código	615G01105
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Gomez Rodriguez, Sergio	Correo electrónico	sgomez@udc.es	
Profesorado	Álvarez Sousa, Antonio Gomez Rodriguez, Sergio	Correo electrónico	antonio.alvarez@udc.es sgomez@udc.es	
Web	www.udc.es/ucv			
Descripción xeral	Esta materia introduce ao alumnado na investigación sociolóxica tanto desde un punto de vista teórico como desde un punto de vista práctico. Reflexiónase sobre a metodoloxía científica en xeral e sobre a investigación social en particular, explicando especificamente as diferencias entre as técnicas de investigación social cuantitativas, cualitativas e mixtas. Igualmente practícase o largo do curso, por equipos, todas e cada unha das etapas dun proxecto de investigación social concreto.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
A/o alumna/o coñecerá os métodos e técnicas das ciencias sociais, diferenciando entre as técnicas de investigación cualitativas e cuantitativas.	A7 A15 A16 A26	
A/o alumna/o saberá elixir as técnicas de investigación social (cuantitativas e/ou cualitativas) pertinentes en cada momento.	A26	
A/o alumna/o identificará as diferentes fases dun proceso de investigación cuantitativo	A7 A14 A15 A16	B3 B4 B27
A/o alumna/o identificará as diferentes fases dun proceso de investigación cualitativo	A7 A14 A15 A16	B3 B4 B27
A/o alumna/o saberá identificar e reflexionar criticamente sobre as fases dun proceso de investigación, desenvolvendo una metodoloxía cualitativa e cuantitativa.	A14 A15	B3 B4 B6 B12 B13 B18 B21 B23 B27



A/o alumna/o saberá comunicar e expresarse con claridade e razonamento crítico	A34 A35	B6 B13	C1
--	------------	-----------	----

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Os enfoques cuantitativo e cualitativo na investigación científica	1.1.- Definición e enfoques da investigación social 1.2.- Características do enfoque cuantitativo de investigación 1.3.- Características do enfoque cualitativo de investigación 1.4.- Diferencias entre o enfoque cuantitativo e cualitativo
2.- O proceso de investigación cuantitativa	2.1.- Formulación do problema cuantitativo 2.2.- Desenvolvimento da perspectiva teórica: revisión da literatura e construcción do marco teórico 2.3.- Definición do alcance da investigación a realizar: exploratoria, descriptiva, correlacional ou explicativa 2.4.- Formulación de hipótese 2.5.- Concepción ou elección do diseño de investigación 2.6.- Recolección de datos cuantitativos 2.7.- Análise de datos cuantitativos 2.8.- O reporte de resultados do proceso cuantitativo
3.- O proceso de investigación cualitativa	3.1.- O inicio do proceso cualitativo: formulación do problema, revisión da literatura, xurdimento de hipótese e inmersión no campo 3.2.- Mostraxe na investigación cualitativa 3.3.- As hipóteses na investigación cualitativa 3.4.- Recolección de datos cualitativos: distintas técnicas 3.5.- Análises de datos: Deseños e procesos 3.6.- O reporte de resultados do proceso cualitativo
4.- Os procesos mixtos de investigación	4.1.- En qué consiste o enfoque mixto 4.2.- Deseños mixtos específicos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A7 A14 A15 A16 A26 B3 B27	39	0	39
Traballos tutelados	A34 A35 B3 B4 B6 B12 B13 B18 B21 B23 C1	30	45	75
Proba obxectiva	A7 A14 A15 A16 A26 B3 B27 C1	2	33	35
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Cada tema indicado nos contidos será explicado polo profesor nas clases. Dita explicación será acompañada de material didáctico



Traballos tutelados	<p>Os/ as alumnos/ as realizarán un trabajo en grupos de 5 persoas. O trabajo consistirá en analizar un artigo realizado con metodoloxía cualitativa ou cuantitativa, explicando cada fase da investigación.</p> <p>Ao longo do curso o profesor -seguindo as fontes de información indicadas-, tutelará ao alumnado explicando con detalle cada unha das fases, con exemplos concretos de investigacións xa feitas e publicadas. Deste xeito, os/as alumnos/as terán orientación tutelada de cada unha das fases dos traballos. Con todo, o alumnado ten que saber aplicar devandito proceso de maneira autónoma. O profesor explica de forma detallada cada apartado, pero é o alumno o que ten que realizar o trabajo. O trabalho correxirse unha vez polo profesor: non hai segunda corrección.</p> <p>Na segunda semana de clases, os alumnos teñen que entregar ao profesor o nome dos compoñentes do equipo e o título do artigo que van analizar.</p> <p>O proceso de análise non se deixará para o último momento, senón que os alumnos deben de ir realizando o trabalho secuencialmente, segundo vanse explicando os apartados en clases.</p> <p>Os traballos serán entregados ao profesor na data que se lle indique, e será exposto na aula ante os outros alumnos/as e o profesor.</p> <p>A entrega ó profesor consistirá nun ducumento power point, con unha diapositiva de cada apartado do trabalho. Tamén se enviará o artigo que se analiza en formato PDF.</p>
Proba obxectiva	Realizarse una proba obxectiva dos temas recollidos nos contidos e explicados nas sexións maxistrales.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Sempre que o alumno/a precise en horario de titorías. O menos nunha ocasión durante o curso, o/a alumno/a deberá acudir as titorías para que o profesor coñeza a súa situación respecto a materia e facer suxerencias sobre posibles dificultades.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba obxectiva	A7 A14 A15 A16 A26 B3 B27 C1	Examen da teoría no que entran os distintos temas dos contidos explicados na clase	60
Traballos tutelados	A34 A35 B3 B4 B6 B12 B13 B18 B21 B23 C1	Valorarase: - O dominio que demostre o alumnado en cada unha das fases do proceso de investigación. - A precisión. Non se trata de reescribir o trabalho, senón de precisar cada fase do proceso. - A autonomía manifestada polos alumnos, que demostre a capacidade que terán no futuro cando teñan que fazer unha investigación.	40

Observacións avaliación



O traballo puntuá un máximo de 4 puntos: 3 a elaboración e 1 a presentación. A proba obxectiva puntuá un máximo de 6 puntos. Para poder aprobar a materia o alumno necesita ter un mínimo 1,5 puntos no traballo e 2,5 puntos na proba obxectiva. En todo caso, necesita obter un mínimo de 5 puntos sumando o traballo e a proba obxectiva.

No traballo valorarase:

- A entrega dos nomes dos membros do equipo e o título do artigo a analizar na data indicada.
- A claridade e precisión de cada un dos apartados do traballo. Non se trata de reescribir o artigo, senón de analizar cada apartado con precisión a partir da explicación de dito apartado dada nas clases.
- O profesor entregará un esquema das partes do traballo a realizar, que será diferente se un traballo se realiza con metodoloxía cualitativa ou cuantitativa
- A entrega e presentación do traballo na data indicada. Se non se entrega nesa data, o estudiante terá que pesentarse na seguinte convocatoria.

Fontes de información

Bibliografía básica	<p>- Hernández Sampieri, R.; Fernández Collado, C. y Baptista Lucio, M. P. (2010). Metodología de la investigación. Madrid: McGraw-Hill
</p>
Bibliografía complementaria	<p>- Corbetta, P. (2010). Metodología y técnicas de investigación social. Madrid: McGraw-Hill - García Ferrando, M.; Ibáñez, J. y Alvira Martín, F. (coord.) (2000). El análisis de la realidad social. Madrid: Alianza - Viedma, A. y Callejo, J. (2005). Proyectos y estrategias de investigación social: la perspectiva de la intervención . Madrid: McGraw-Hill - Ispizua, M. A. y Ruiz Olabuénaga, J. I. (1989). La descodificación de la vida cotidiana: métodos de investigación cualitativa. Bilbao: Universidad de Deusto
</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Estatística aplicada ás ciencias sociais 2/615G01201

Análise multivariante de datos sociais/615G01206

Metodoloxía da investigación por enquisas/615G01303

Metodoloxía da investigación etnográfica/615G01403

Metodoloxía, técnica e estratexias para o deseño e elaboración de proxectos e traballos de investigación/615G01406

Análise sociolóxica de textos e discursos/615G01407

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías